



UNIDADE 6

Lugares con encanto

Remita os seus alumnos ao título da unidade e pídalles que describan un lugar con encanto (se é necesario, explíquelles o significado de **ter encanto**). Apunte no encerado as súas respostas e centre a súa atención na fotografía (trátase do porto de Fisterra). Anímeos a que conversen cun compañeiro sobre as seguintes cuestións: **Credes que este lugar ten encanto? Por que? Podes sinalar un lugar que teña encanto para ti?** Deixe que falen uns minutos e, logo, faga unha posta en común.

Para rematar, presente os obxectivos da unidade e a tarefa final: escribir un texto poético sobre a cidade onde estudan galego.

Lugares con encanto



comprender

1. DOUS LUGARES PARA DESCUBRIR

Ler dous textos sobre diferentes lugares, identificar neles determinados elementos e poñerlle un título a cada un. Describir un lugar. Suxerir títulos para un texto descritivo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Pode procurar máis fotografías das Illas Cíes e do Parque Natural das Fragas do Eume e mostrarlhas á clase despois de que os alumnos realicen a lectura dos textos da epígrafe A.

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos seus alumnos que se fixen unicamente nas fotografías que aparecen e pregúntelles se saben que lugares representan e en que parte da xeografía galega se atopan. Así mesmo, pídalles que comenten as semellanzas e diferenzas que se poden observar entre os dous lugares.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles que nos dous textos figuran elementos que indican situación, propiedades, partes, principais características e compoñentes de ambos os enclaves. Pídalles que fagan unha lectura individual do primeiro texto e que apunten estes datos no seu caderno. Concédalles uns minutos e, cando rematen, faga unha posta en común na clase.

B. Dígalles aos seus alumnos que se fixen na estrutura dos textos e que comprobén o que lles falta. É bastante probable que non tarden en decatarse polo título, debido ao recadro que figura no seu lugar. Pídalles que, individualmente, lle poñan un título a cada un dos textos. Cando remataren, faga unha corrección entre todos, sistematizándoa en dúas partes: na primeira, cada alumno vai dicir o título para o texto das Illas Cíes, razoando a súa proposta; na segunda, farán o mesmo para o texto das Fragas do Eume. Ao final, poden opinar sobre os títulos que lles pareceron máis fundamentados ou creativos.

C. Pídalles aos seus alumnos que formen grupos de tres e explíquelles que cada un deles vai preparar individualmente unha breve descrición dun lugar que coñeza. Logo, os seus compañeiros de grupo deberán adiviñar de que lugar se trata. Remítaos á mostra de lingua e, se o considera necesario, ofrézalles outro exemplo. Dígalles que, se aos compañeiros lles resulta difícil adiviñar o lugar, poden facilitarlles algunhas pistas que non entraron na descrición, como se é unha aldea, unha vila ou unha cidade; en que provincia se atopa; que atractivos turísticos ten etc. Déalles tempo suficiente para que todos os membros do grupo participen.

D. Explíquelles aos seus alumnos que deben pensar no seu lugar de orixe e nun título que podería encabezar un texto descritivo sobre el. Pídalles que o escriban e o comenten cos seus compañeiros de grupo. Se lle parece oportuno, pode comezar vostede, escollendo un título para a súa terra natal ou para o lugar no que está impartindo clases de galego.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 120, exercicio 1.



explorar
e reflectir

2. VILAS PINTORESCAS

Ler dous textos sobre dúas vilas galegas e seleccionar nunha lista adxectivos que se asocian a cada unha. Reflexionar sobre o emprego de partículas relativas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O significado do adxectivo pintoresco que se aplica neste contexto emprégase para describir algo que chama a atención por ser orixinal ou por saír do común, que presenta una imaxe bela, agradable e única, moi axeitada para ser pintada.

Traia á clase fotografías ou postais de varios lugares da xeografía galega: O Cebreiro, Os Ancares, Noia, Muros, Corcubión, Muxía, Lorbé, San Andrés de Teixido, Pontedeume, Camariñas, Santa Tegra...

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos: **Sabedes que é un lugar pintoresco? Coñecedes algún?** Se entre as súas Se entre as súas respostas non dan unha definición que se axuste ao significado empregado neste contexto, explíquelleslo vostede. A continuación, móstrelles as fotografías e pídalles que, en grupos de tres ou catro, intenten recoñecer os lugares e respondan se son pintorescos ou non. En caso de que contesten afirmativamente, pídalles que a xustifiquen. Déalles uns minutos e, logo, propóñalles unha posta en común para establecer unha serie de características que deben ter os lugares pintorescos.

Dirixa agora a atención dos seus alumnos á lista de adxectivos e expresións da páxina 72 e pídalles que os clasifiquen en tres grupos: os positivos, os negativos e os neutros. Anímeos a contrastaren a súa clasificación coa dun compañeiro e faga despois unha posta en común. Resolva as posibles dúbidas de vocabulario que xurdan e teña en conta que se poderán facer distintas clasificacións, dependendo do punto de vista de cada alumno. Pode atopar unha posible clasificación na **ficha 15**.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que os textos que aparecen a continuación describen dúas vilas pintorescas galegas: Combarro (na provincia de Pontevedra) e Mondoñedo (en Lugo). Pídalles que lean os textos e lle asignen a cada unha delas os adxectivos que lles parezan máis axeitados. Acepte todas as respostas, sempre que sexan coherentes ou se xustifiquen.

Solución (suxestión)

Combarro: *orixinal, limpa, gastronómica, antiga, histórica, chea de vida, unha xoia, un encanto, ben conservada, un gozo para os sentidos, atractiva, donosa, animada.*

Mondoñedo: *literaria, monumental, histórica, antiga, gastronómica, ben conservada.*

B. A continuación, dirixa a atención dos seus alumnos á primeira frase do texto sobre Combarro; en concreto á expresión **en cuxa postal**, e pregúntelles se saben a que palabra se refire **cuxa**. Anímeos a ler en outra vez os dous textos, fixándose nas expresións destacadas en grosa e a detectaren a que palabras se refiren.

Solución

en **cuxa**: Combarro

á **que**: a vila

dos **cales**: os máis de 30 hórreos de pedra

nas **cales**: as casas mariñeiras

onde: os bares e restaurantes de Combarro

para **quen**: o turista

na **cal**: a vila

cuxa: a súa catedral

sobre a **que**: a Fonte Vella

quen: Carlos Filgueira García

onde: un gran mercado medieval

entre os **cales**: varios monumentos

Como unha práctica para a sistematización, pode pedirles que fagan un par de frases nas que empreguen estas estruturas de relativo. Remítaos á epígrafe “Partículas relativas” da sección CONSULTAR, nas páxinas 74 e 75. Faga fincapé no uso do pronome **que** para referirse tanto a persoas como a obxectos e lugares, e no emprego de **quen** só con persoas no singular, excepto co verbo ser (Resumo gramatical, páxina 139).

Cando remataren, pídalles que comparen as súas frases coas dun compañeiro. Para terminar, faga unha posta en común na que todos lean as súas frases, e asegúrese de que todas as estruturas que presentaron están correctas.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 120, exercicio 2.

Páxina 121, exercicio 3.B.

3. A PARTE DO TODO

Observar a diferenza de significado entre as oracións de relativo especificativas e as explicativas.

ANTES DE COMEZAR

Móstrelles aos seus alumnos as imaxes que aparecen na **ficha 16** e as frases que as acompañan. Se teñen dificultades para atopar a diferenza entre elas, pode preguntarlles en cal das dúas frases se podería suprimir a oración de relativo **que están enriba da mesa** sen que se producise un cambio de significado. Dígalles, ou confirme, que se podería eliminar na primeira, xa que, se se suprimise na segunda, pensaríamos que os tres ramos de flores son para Carme.

PROCEDEMENTOS

A. A continuación, pídalles aos seus alumnos que observen as oracións da actividade e que indiquen como interpretan cada unha delas, sinalando a diferenza. Logo, dígalles que, con un ou dous compañeiros, deben comparar as súas interpretacións. Ao final, faga unha posta en común e asegúrese de que todos entenderon a diferenza.

Solución

a. *Pode haber máis dunha igrexa na vila.*

b. *Só hai unha igrexa na vila.*

a. *Todos os homes levaban traxe e ningún foi admitido na festa.*

b. *Os outros homes, que non levaban traxe, foron admitidos na festa.*

a. *Todos os traballadores recibirán o aumento de salario.*

b. *Só algúns dos traballadores recibirán o aumento de salario.*

Logo da posta en común, aproveite para explicarlles que as oracións relativas **especificativas** achegan unha información necesaria para distinguir o antecedente ao que se refire entre un grupo de elementos. Por outra banda, as **explicativas** achegan simplemente unha información adicional que se podería suprimir. A continuación, remítaos ao título da actividade e aclárellelo: as oracións especificativas refírense a unha parte do todo e as explicativas, ao todo. Por último, remítaos á epígrafe “Oracións de relativo” da sección CONSULTAR, na páxina 74.

4. QUEDEI ALUCINADA

Ler as expectativas e impresións de varias persoas sobre unha cidade e contrastalas coas propias. Analizar algunhas correlacións verbais e propoñer alternativas para substituílas. Aprender recursos para falar de ideas previas e expectativas.

PROCEDEMENTOS

A. Remita os seus alumnos ao título da actividade e pregúntelles se coñecen o significado da expresión. En caso negativo, acláreo. Se o considera conveniente, pode remitilos nese momento á sección “Falar de sentimentos” da sección CONSULTAR, na páxina 75. Explíquelles entón que se trata do comentario que fai unha persoa que estivo en Lisboa. Anímeos a faceren hipóteses sobre as razóns que puideron levala a dicir isto con respecto a esa cidade. Aclárelles aos seus alumnos

Lugares con encanto

que non é necesario que estivesen alí, dado que seguramente xa oíron falar moitas veces dela.

Deseguida, dígalles aos seus alumnos que van ler os testemuños que diversas persoas colgaron nunha páxina web sobre viaxes. Todos fan referencia á cidade de Lisboa. Pídalles que os lean e que, en grupos de tres ou catro, expoñan o que máis os sorprende, estraña, decepciona etc. desas opinións. Pode ofrecerlles un exemplo respecto do primeiro comentario:

Eu pensaba que ía atopar moito tráfico e moito ruído, pero pareceume unha cidade bastante tranquila.

- *Ah, pois eu cría tamén que Lisboa era moi ruidosa e que tiña un tráfico horrendo. De feito, un amigo meu que viviu alí díxerame que sempre hai atascos e que, ademais, todo o mundo se move en coche alí.*

Faga despois unha posta en común na clase. A continuación, dirixa a atención dos seus alumnos ás expresións que aparecen en cores no texto e explíquelles que se trata de recursos para expresar expectativas que se tiñan previamente. Pídalles que as clasifiquen en dous grupos: aquelas nas que o falante recorda un momento anterior á visita e aquelas nas que o falante se sitúa durante ou despois desta.

Solución

Antes da visita

*Eu pensaba que ía...
Eu esperaba que ía...
Eu tiña a idea de que era...
Eu lera...
Eu esperaba atopar...
Eu oíra que en Lisboa había...
Eu esperaba atopar...*

Durante ou despois da visita

*Sorprendeme ver que non había...
Sorprendeme que houbese...
Sorprendeme que fose...
Defraudoume moito a comida...
Estrañoume que o transporte funcionase...
Non esperaba que houbese tantos...
Quedei alucinada...*

Fágao ver que, no caso das expresións clasificadas como **Antes da visita**, o verbo introdutorio aparece ou ben en copretérito ou ben en antepretérito, mentres que, no caso das expresións clasificadas como **Durante ou despois da visita**, o verbo introdutorio aparece en pretérito ou na forma negativa do copretérito.

B. Dígalles agora que se fixen nas formas verbais que se combinan nas frases. Aníneos a deduciren, a partir dos exemplos, unha regra de emprego das formas verbais ao falar de ideas previas ou expectativas. Pídalles que, cun compañeiro, discutan se hai outras alternativas de correlacións en cada caso. Remítaos á epígrafe “Falar de ideas previas ou expectativas” da sección CONSULTAR,

na páxina 75, para que vexan novos exemplos e corroboren as súas hipóteses. Déalles uns minutos para que o fagan e logo propóñalles unha corrección entre todos.

Solución

*Eu pensaba que ía... / Eu pensaba que íría...
Eu esperaba que ía... / Eu esperaba que íría...
Eu tiña a idea de que era... / Eu tiña a idea de que sería...
Eu esperaba atopar...
Eu oíra que en Lisboa había... / Eu esperaba que atoparía...
Eu esperaba atopar...
Sorprendeme ver que non había...
Sorprendeme que houbese...
Sorprendeme que fose...
Estrañoume que o transporte funcionase...
Non esperaba que houbese tantos... / Non esperaba (atopar)*

C. Pídalles agora que pensen nalgunha cidade que visitaron e da que se lembren ben e que pensen nas expectativas que tiñan antes de visitala e logo nas súas impresións posteriores á visita. Aníneos a que se fixen na mostra de lingua que se ofrece na actividade e concédalles un minuto para que, individualmente, ordenen as súas lembranzas, apuntando as notas que queiran. Logo, aníneos a compartiren as súas experiencias con outros compañeiros (en grupos de tres ou catro).

5. PARTICIPIOS

Coñecer e utilizar os participios na función de adxectivo nalgunhas construcións pasivas. Familiarizarse coa voz pasiva.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado os seguintes verbos en infinitivo: **construír, bañar, publicar, situar, bautizar, celebrar**. Pregúntelles aos seus alumnos se saben os participios destes infinitivos e escribaos ao lado, segundo lles vaian saíndo. Explíquelles que os participios poden funcionar como adxectivos e que, nese caso, concordan en xénero e número co substantivo ao que se refiren. Forme os femininos e os plurais dos participios anteriores e escribaos.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que, individualmente, lean as construcións do cadro verde. Cando remataren, pregúntelles **que teñen en común, por que e para que se empregan**. Considerando que fixeron o que se propón na epígrafe anterior, é bastante probable que non teñan moitas dificultades para contestaren a primeira pregunta, pero talvez para as dúas últimas si. Ao mellor, sería conveniente darlles un exemplo dunha frase completa, no encerado, como a seguinte:

O MARCO, inaugurado hai poucos anos na cidade de Vigo, atrae moitos visitantes.

Pregúntelles cal é o fragmento que se asemella aos das construcións do cadro verde. Cando o identifiquen, sublíneo e fágalles preguntas como: **Que función credes que ten no enunciado? A que palabra se refire a forma de participio?**

Dígalles que poden discutilo en parellas e tomar notas das súas conclusións. Déalles uns minutos e logo faga unha posta en común.

Solución

Teñen en común: *son oracións de participio; todas comezan cun participio; o elemento ao que se refire o participio non figura na construción;*

Por que e para que se empregan: *porque non interesa quen practicou a acción en cada caso; para engadirlle á información algún dato adicional sobre o substantivo ao que se refire.*

B. Dígalles aos seus alumnos que as frases que están a continuación conteñen información referente a diferentes cidades galegas. Pídalles que, en parellas, escollan o fragmento máis axeitado do cadro verde para completar cada unha. Concédalles o tempo suficiente para facelo e, logo, faga unha corrección entre todos.

Solución

- construído na boca da ría en 1577*
- bañada polo río Miño*
- publicado por primeira vez o 3 de novembro de 1853*
- situado á beira da praia homónima*
- bautizada polos romanos como “a cidade de ouro”*
- celebradas entre o segundo sábado e o terceiro domingo de agosto*
- construídos no alongamento da cidade a mediados do século XX*

Se o considera conveniente, pode levar á clase fotografías das cidades que se mencionan e animar os seus alumnos a relacionalas coas informacións correspondentes.

Remítaos á epígrafe “Participios” da sección CONSULTAR, na páxina 75, e explíquelles que a pasiva é un recurso para transformar un dos complementos dun verbo no seu suxeito gramatical. Faga fincapé en que estas construcións son moi empregadas por motivos de cohesión do discurso, cando xa se contextualizou o elemento que se converte en suxeito, para non romper co que precede ou, simplemente, porque non interesa falar do suxeito do verbo. Explíquelles os dous tipos de voz pasiva que existen:

1. Pasiva de proceso:

Fálase do proceso que sofre o suxeito e emprégase cunha maior frecuencia en textos xornalísticos, relatos de historia etc. Fórmase co verbo **ser** + participio pasado, que concorda co suxeito en xénero e número. Menciónelles, a título de exemplo, as frases **O castelo de San Felipe (foi) construído na mesma boca da ría en 1577** e **O xornal Faro de Vigo (foi)**

publicado por primeira vez o 3 de novembro de 1853.

2. Pasiva de resultado

O emprego deste tipo de pasivas está moi estendido. Nel o que interesa non é o proceso en si, senón o seu resultado. Fórmase co verbo **estar** + participio pasado, que concorda co suxeito en xénero e número. Pódelles poñer como exemplo a frase **O Orzán (está) situado á beira da praia homónima.**

C. Agora, pídalles aos seus alumnos que pensen en lugares que coñezan da súa localidade ou doutras e que elaboren frases como as da epígrafe B, utilizando formas de participio en función de adxectivo. Remate cunha posta en común na clase.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 121, exercicio 4.



6. A TÚA ESTRELA DAS VIAXES

Facerlle preguntas a un compañeiro para descubrir informacións relativas á súa vida persoal.

ANTES DE COMEZAR

Déalle a cada un dos seus alumnos unha cuartilla de papel.

PROCEDEMENTOS

Asegúrese de que os seus alumnos teñen o libro pechado e debuxa unha estrela no encerado. Logo, escriba nunha das súas puntas o ano no que vostede rematou os seus estudos (pode ser real ou ficticio) e anime os seus alumnos a comprobaren a que se refire a data, de xeito que se estableza un diálogo similar ao seguinte:

- **1998 foi o ano no que...**
 - **Foi o ano no que casaches?**
- **Non.**
- **Que fuches a Montevideo?**
- **Tampouco; alí fun no 1996.**
- **Mmm. Xa sei. É o ano no que remataches a carreira?**
- **Exacto!**

Se lle parece necesario, repita este proceso con un ou dous datos máis para asegurarse de que todos entenderon a dinámica da actividade.

A continuación, explíquelles que van traballar en parellas e que cada un debe completar a súa estrela con información persoal referente a viaxes. Para isto, dígalles que, antes de

Lugares con encanto

nada, deben formar as parellas e decidir quen vai ser o alumno A e quen vai ser o B. Logo, pídalles que abran o libro e que utilicen a cuartilla de papel para cubrir a información que non lles corresponde.

Indíquelles que primeiro completen individualmente a estrela, de acordo coas instrucións que aparecen na actividade, e que despois lle fagan preguntas ao seu compañeiro para descubrir a que se refiren os seus datos. Anímeos a empregaren as estruturas de relativos nas preguntas e a conversaren libremente sobre todo aquilo que lles chame a atención. Vaia paseando polos grupos para resolver posibles dúbidas.

7. QUEIXAS E PROTESTAS

Escoitar o testemuño dunha viaxeira sobre un problema que tivo nunha viaxe e opinar, poñéndose na súa situación. Ler informacións relacionadas cos dereitos e compensacións no servizo de transporte aéreo e comentalas cun compañeiro.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos que problemas pode ter un pasaxeiro nunha viaxe e se algunha vez tiveron eles algún. Se hai respostas afirmativas, pregúntelles se os problemas que tiveron foron nun aeroporto, nunha estación de tren ou de autobuses, ou mesmo coa axencia de viaxes. É bastante probable que polo menos algún deles teña algunha experiencia que contar, pero, se non é así, fágao vostede e cóntelles un caso (real ou ficticio) que non coincida co da viaxeira da epígrafe A. Sobre os problemas que poden ter os pasaxeiros, pode mencionar como exemplos: atrasos, *overbooking*, mala atención do persoal de cabina, mala calidade das comidas servidas durante o voo, condución imprudente ou temeraria, disparidade entre as características do paquete ofrecido pola axencia e as que se atoparon no destino...

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que van escoitar o testemuño dunha viaxeira, no cal fala dun problema que tivo nun aeroporto. Pídalles que tomen nota da información que lles pareza máis relevante ou que lles chame máis a atención. Poña a audición unha vez e, ao finalizar, comprobe se puideron recoller todos os datos. De non ser así, volva poñela unha vez máis.

A continuación, dígalles que, en parellas, deben comentarlle ao compañeiro os aspectos que máis lles chamaron a atención e, logo, cada un debe dicir o que faría se estivese no lugar da viaxeira. Déalles uns minutos para que o fagan e, cando rematen, propóñalles unha posta en común, para ver en que coincide a opinión da maioría.

B. Explíquelles agora que no texto que teñen a continuación hai unha serie de informacións importantes para as persoas que viaxan. Pídalles que, primeiramente, fagan unha lectura individual e subliñen os datos que os sorprendan ou que descoñecían.

Cando rematen, pídalles que, coa mesma parella que traballaron na epígrafe anterior, comenten os datos que subliñaron e todos os dereitos mencionados no texto, centrando a súa atención na mostra de lingua que ofrece a actividade. Logo duns minutos, faga outra vez unha posta en común na clase.

Se lle parece conveniente, pode ampliar o debate facéndolles preguntas como: **Credes que son xustas as compensacións? Suxerides outros tipos? Cales? Por que? En que casos?**

8. FELICIDADE ALTERNATIVA

Ler un texto sobre os criterios que determinan a calidade de vida das persoas e expresar a súa opinión ao respecto. Elaborar un cuestionario para unha enquisa e valorar os resultados.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O obxectivo desta actividade é realizar unha enquisa para determinar a calidade de vida dos habitantes dunha cidade, como, por exemplo, na que teñen lugar as clases de galego. Se se imparten en Galicia, os seus alumnos poden facerlles o cuestionario a persoas nativas. Se, polo contrario, o curso ten lugar fóra da comunidade galega, os estudantes poden levar a cabo unha actividade de mediación: prepararán as preguntas en galego, faránlles aos habitantes na súa lingua materna e traballarán cos resultados para presentarllos despois en galego ao resto da clase. Outra alternativa que pode ser viable nun lugar de lingua nativa non galega é a posibilidade de lles facer a enquisa a outros estudantes de galego, sempre que teñan un nivel que lles asegure a competencia lingüística necesaria para comprender e contestar correctamente as preguntas.

ANTES DE COMEZAR

Segundo o que postulan as diversas relixións e escolas filosóficas, entre os factores que lle proporcionan felicidade a unha persoa están a paz interior, a liberdade de querer e a seguridade de estar no lugar correcto do universo. Polo xeral, a felicidade asóciase a emocións ou a sentimentos como a alegría ou a ledicia, o gozo, o amor e a satisfacción.

Procure (en Internet, por exemplo) fotografías relacionadas coas devanditas sensacións e proxéctas ou repártaas entre os seus alumnos, de xeito que todos poidan velas perfectamente. Logo, pídalles que, en pequenos grupos, describan cada imaxe e fagan unha listaxe das súas características máis significativas. É moi posible que acheguen respostas como: estar ben coa familia e cos amigos, gozar da natureza ou do aire libre, estar tranquilo etc. Iso vai preparar o terreo para a lectura do texto.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que unha serie de organizacións elaborou un estudo para determinar

o grao de felicidade dos habitantes de diferentes países. Anímeos a faceren hipóteses sobre os posibles candidatos, é dicir, os países participantes.

Logo, explíquelles que no texto se presentan as conclusións do estudo e os criterios que, segundo os seus autores, se deben seguir para ser máis feliz. Pídalles que o lean e que, en pequenos grupos, discutan se están ou non de acordo con eses criterios. A continuación, pídalles aos seus alumnos que, tendo en conta as ideas do texto, reflexionen uns minutos sobre o grao de felicidade do seu país ou comunidade e fomenten unha conversa en pequenos grupos. Se na súa clase hai alumnos de diferentes culturas, procure que en cada grupo haxa estudantes de diferentes nacionalidades.

B. É probable que algúns dos seus alumnos non estivesen de acordo con todos os criterios da epígrafe A. Recórdelles este feito e explíquelles que agora teñen a oportunidade de elaborar os seus propios criterios. Pídalles que, nos mesmos grupos de traballo, determinen polo menos cinco criterios sobre os que elaborar un cuestionario sobre a calidade de vida ou a satisfacción dos habitantes dunha cidade.

Remítaos á mostra de lingua e déalles uns dez minutos para que se poñan de acordo en relación cos criterios que van empregar. Deseguida, pode mostrarlles os modelos de cuestionario que lle facilitamos na **ficha 17**, para que escollan un. Se o prefiren, tamén.

Concédalles tempo suficiente para que elaboren o cuestionario en grupos e pasee pola clase para axudarlles cando o soliciten.

Se está nun lugar onde se fala galego, propóñalles aos seus alumnos que lles pregunten aos coñecidos ou á xente da rúa e, logo, que fagan unha valoración final das súas respostas. Explíquelles que cantas máis persoas entrevisten, maior será a fiabilidade da enquisa. Se os seus alumnos non se atopan nun contexto de inmersión, anímeos a elaboraren un cuestionario en galego, a facerlles as preguntas na súa lingua nativa ás persoas que coñezan e, ao final, a traballaren cos resultados na clase e a prepararen a súa presentación outra vez en galego. Por outra banda, se no centro no que teñen as clases hai outros grupos de estudantes de galego, tamén se pode contar coa posibilidade de que os seus alumnos lles fagan a enquisa a eses estudantes, coas preguntas orixinais en lingua galega.

9. NO VERÁN

Falar dos cambios que se producen nunha cidade/vila ao longo do ano. escoitar un testemuño de como eran as vacacións nunha vila, contrastar a información coa súa experiencia e identificar o que cambiou.

PROCEDEMENTOS

A. Remita os seus alumnos ao título da actividade

e pregúntelles como o relacionan coas fotografías, é dicir, que relación hai coas imaxes que aparecen e o verán. Anímeos a falaren da súa cidade ou vila e pregúntelles que cambios observan durante os períodos de vacacións (no verán, durante as festividades etc.). Pode explicarlles os cambios que se dan na súa cidade ou na que vive (adornos especiais durante algunhas festas, modificacións na paisaxe segundo as estacións, movementos e concentración da poboación etc.). Pídalles que, en grupos de tres, compartan estas informacións cos seus compañeiros.

B. Explíquelles aos seus alumnos que van escoitar unha persoa falando de como eran as vacacións nunha vila galega. Pídalles que se concentren nas descripcións que fai e que anoten a información máis importante. Poña o audio unha vez e, cando rematen, dígalles que, en parellas, comenten os datos que apuntaron. Se mostran interese en escoitar unha vez máis a gravación para aclarar calquera dato, volva poñerllela. Pídalles tamén que contrasten a súa experiencia coa que escoitaron e que falen dos cambios que observaron no lugar de onde proveñen. Deixe que falen uns minutos e, para rematar, dispóñalos en círculo e promova unha conversa na que todos acheguen información do que comentaron ao respecto.

10. SABES DE QUE SITIO FALO?

Falar de sensacións ou emocións experimentadas a partir de fotografías de diferentes lugares. Escribir un texto poético sobre un lugar.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade ten como obxectivo que os seus alumnos escriban un texto descritivo sobre un dos lugares das fotografías que se ofrecen. Se non coñecen ningún deles, pode deixar que o fagan sobre o lugar que prefiran.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que miren as fotografías e que escollan unha que lles guste especialmente. Concédalles cinco minutos para que, individualmente, escriban nun papel todas as sensacións e emocións que lles esperte ese lugar. Aclare que non se trata de describir a fotografía, senón de falar do efecto que produce sobre eles. Se o considera conveniente, pode poñerlles algunha música tranquila mentres escriben.

Transcorrido o tempo proposto, pídalles aos seus alumnos que formen grupos ou parellas segundo as cidades que escolleron, e anímeos a comentaren as súas impresións coas doutros compañeiros. Se moitos deles escolleron a mesma cidade, divídaos en varios grupos. Se, pola contra, quedan alumnos soltos, anímeos a que se unan a un grupo, para explicaren a súa elección. Logo duns minutos, faga unha posta en común na clase.

Lugares con encanto

Se os seus alumnos fan comparacións ou empregan metáforas, anóteas no encerado.

B. Se na epígrafe anterior xurdiron comparacións ou metáforas, remita os seus alumnos a elas. Se non, poña no encerado as dúas frases seguintes e aníneos a comentalas.

Vigo é como unha gran ventá ao Atlántico.

A Coruña é a cidade de cristal.

Logo, fágalles ver a diferenza entre as dúas figuras literarias: a primeira é unha comparación e a segunda unha metáfora (unha figura retórica na que se identifica o termo real coa súa imaxe).

Convide os seus alumnos a faceren algo similar cunha cidade das que aparecen nas fotos ou con calquera lugar que coñezan. Indíquelles que lles axudará pensar na súa vida e nas súas experiencias nese lugar, lembrar os detalles que lles chamen a atención e as persoas que viven alí etc. Outra vez pode poñer música e deixarlles uns minutos para que escriban individualmente.

Pídalles despois que, en grupos de tres, comenten as súas ideas, as comparacións e as metáforas que fixeron. Propóñalles que compoñan un poema, no cal mesturen o material dos tres e empreguen todos os recursos aprendidos nesta unidade que consideren oportunos.

E DESPOIS

Pídalles aos seus alumnos que escollan un representante do grupo para ler o poema ante toda a clase.



11. QUE FACEMOS ESTE VERÁN?

Poñerlle un título a un texto baseándose no seu contido. Comentar e opinar sobre informacións extraídas do texto.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A foto superior ilustra a Romaría Viquinga de Catoira, declarada festa de interese internacional e unha das festividades máis espectaculares de Galicia. Celébrase dende 1968 e ten lugar o primeiro domingo de agosto de cada ano, cando os participantes, a bordo de réplicas de barcos viquingos, representan as invasións viquingas que sufriu a vila hai máis de mil anos. A segunda foto é da praia de Malpica.

ANTES DE COMEZAR

Centre a atención dos seus alumnos na foto da Romaría Viquinga e pregúntelles: **Que vos parece**

ese tipo de celebración? Gustaríavos participar nela? Por que? Se algún deles xa a coñece, aníneo a darlle máis información ao resto da clase. Se non, pídalles que a describan a partir da foto e que fagan hipóteses sobre o que pode representar ou simbolizar e cando se celebra. Se ao final non acadan unha resposta satisfactoria, transmítalles a información que lle facilitamos en “Observacións previas”. Deseguida, remítaos á segunda foto e pregúntelles se adoitan ir á praia no verán e con que frecuencia. Finalmente, chame a atención deles sobre o título da actividade e dígalles que ambas as fotos reflicten actividades ou lugares moi frecuentados polos galegos nas súas vacacións de verán: as festas tradicionais e a praia.

PROCEDEMENTOS

A. A continuación, invíteos a leren o texto individualmente e a propoñeren un título que resuma o seu contido. Concédalles tempo suficiente para facelo e logo pídalles que, en parellas, comenten os títulos que escolleron para o texto, xustificándoo. Logo duns minutos, propóñalles unha posta en común, para que coñezan as varias posibilidades do texto. Aclárelles que todas as alternativas son válidas, sempre e cando se relacione, explícita ou implicitamente, co contido do documento.

B. Dígalles que, co mesmo compañeiro da epígrafe anterior, deben comentar que lles pareceu a información que leron: se hai algo que os sorprende, algo co que non estean de acordo, algo do que dubiden ou que boten de menos. Para rematar, faga unha posta en común na que todos poidan opinar sobre o tema. Se os seus alumnos son galegos ou están en Galicia, pregúntelles se coñecen algún dos eventos que se mencionan no texto ou outros parecidos. En caso afirmativo, pídalles que lles dean aos demais compañeiros algunhas informacións ao respecto.

Se son estranxeiros ou están fóra de Galicia, aníneos a falaren sobre como pasa as vacacións de verán a xente do seu lugar de orixe e a faceren as debidas comparacións co que coñecen de Galicia nese ámbito.

12. AURIA

Ler un fragmento dun conto e identificar nun mapa algúns lugares que se mencionan no texto. Clasificar palabras que non se axustan á normativa do galego.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Se dispón dalgún exemplar de *Os Biosbardos* e dun mapa ou dun plano de Ourense, léveos á clase para mostrarllelos aos seus alumnos.

ANTES DE COMEZAR

Se dispón do devandito libro, preséntellelo aos seus alumnos e coméntelles os datos máis relevantes da biografía de Blanco Amor, que aparece na parte inferior

da páxina. Se mostran interese, anímeos a lela con máis atención como actividade para a casa.

Os **biosbardos** son seres imaxinarios non ben precisados e esta palabra emprégase, principalmente, nas expresións **andar aos biosbardos** ou **estar nos biosbardos**, co significado de estar moi distraído, fóra da realidade ou nas nubes.

PROCEDEMENTOS

A. A continuación, preséntelles a actividade e centre a súa atención no título do libro, asegurándose de que coñecen o significado da palabra **biosbardos**. De todos os xeitos, aclare que non ten que estar directamente relacionado co conto cuxos fragmentos van ler. A continuación, pídalles que lean o texto, individualmente. Cando remataren, aclare as posibles dúbidas de vocabulario e anímeos a redactaren, en parellas, un suposto final para o conto. Déalles tempo suficiente para que o fagan e logo, nun gran círculo, un representante de cada parella debe ler ou contar o final que inventou. Aínda que vostede coñeza o conto, non lles diga o seu final e, se mostran interese en descubri-lo, anímeos a lelo.

B. Explíquelles que Auria vén da etimoloxía de Ourense (Auriense - relacionado co ouro) e é o nome que Blanco Amor adoita darlle a este lugar nos seus textos literarios. Pregúntelles se coñecen Ourense e, se hai respostas afirmativas, anímeos a contaren cales dos lugares mencionados no fragmento do conto poderían identificar. Se ninguén coñece esta cidade, coméntelles vostede os aspectos ou lugares que lle parezan relevantes ou que merezan ser sinalados. Se dispón dun mapa ou plano de Ourense, facilítelles fotocopias para que intenten identificar os lugares mencionados no texto.

C. Centre a atención dos seus alumnos nas palabras subliñadas no texto e explíquelles que, coma noutros casos que xa viron ao longo do libro, non se corresponden coa normativa vixente. Distribúaos en grupos de tres e pídalles que, antes de substituílas pola grafía máis adecuada, as clasifiquen na táboa segundo o tipo de alteración que se produce respecto á normativa. Déalles uns minutos para que o fagan e logo faga unha corrección entre todos. De todos os xeitos, teña en conta, e intente deixárllelo claro aos seus alumnos, que non se trata de comprobar coñecementos específicos sobre estes criterios.

Solución

Léxicos: *dempóis (despois), mapoulas (papoulas), gazos (azuis/azulados), aloead (aboubado/asombrado), seriosas (serias), sortiron (saíron), degraos (chanzos), sin (se), carretera (estrada), deprocatéime (decateime), preto (preto), abraimento (abraio), enlevo (atracción/feitizo), voltéi (volvín), despartar (separar, apartar), loira (loura), i (e), asimade (asemade), maores (maiores), gis (xiz), arrearaban (reparaban), arrearar (reparar), esboirar (estoupar/estourar), eirexa (igreja), iauga (auga), asinaláballe*

(sinaláballe), narís (nariz), xiquera (sequera).

Gramaticais: *chao (chan), con uns (cuns), ía a perder (ía perder), maus (mans).*

Ortográficos: *cibdade (cidade), pro (pero), pra (para), reparéi (reparei), qué (que), véla (vela), dalle (dálle), importou (importou), quén (quen), deixéinas (deixeinas).*

D. Agora, dígalles aos seus alumnos que van escoitar os comentarios de dúas persoas sobre as ideas que teñen de Auria a partir da lectura dalgunhas das obras de Blanco Amor. Pídalles que se fixen en como cada unha das persoas imaxina a cidade e en como a describe. Póñalles o audio unha vez e, se presentan dificultades ou o solicitan, volva poñelo unha vez máis.

Solución

A Élida non lle gustou moito a obra que leu (Xente ao lonxe). Auria pareceulle unha cidade con moitos prexuízos e dominada pola igrexa, onde os rituais relixiosos controlan a vida das persoas. Tamén lle pareceu moi maniqueísta e sen diversidade. Non lle gustaría vivir en Auria porque ten un clima social abafante.

Xaime leu case todas as obras de Blanco Amor e Auria parécelle todo un espazo literario. Cre que o escritor describe moi ben o contexto social da súa época: os baixos fondos, os conflitos sociais, o inicio do movemento obreiro, o poder da igrexa, a dificultade de manter o anonimato ou a clandestinidade. Considera que en Auria se reflicten problemas que aínda se atopan na sociedade actual, como a hipocrisía e as desigualdades sociais.

E DESPOIS

Propóñalles que se dispoñan nun gran círculo e promova un debate no que poden argumentar a favor ou en contra da opinión dos locutores da última actividade, en relación cos problemas sociais abordados. Anímeos, ademais, a compararen os principais problemas que observan na sociedade na cal se atopan cos que se mencionan no audio.

